



Concello de
Vilagarcía de Arousa
Conservatorio Profesional de Música

Programación
DIDÁCTICA
ANÁLISE
Grao Profesional



Índice

Programación.....	1
DIDÁCTICA	1
ANÁLISE	1
Grao Profesional.....	1
1.Introdución.....	4
1.1.Marco Legal	4
1.2.Características do centro	6
1.3.Características do alumnado.....	6
2.Obxectivos xerais das ensinanzas musicais	8
2.1.Grao elemental.....	8
2.2.Grao Profesional.....	9
3.Obxectivos específicos das ensinanzas musicais	10
4.Obxectivos, contidos e criterios de avaliación da materia de Análise	11
4.1.1.Obxectivos	11
4.1.2.Contidos.....	11
4.1.3.Criterios de Avaliación do Grao Profesional	12
4.1.3.1.Procedementos e ferramentas de avaliación.....	12
4.1.3.2.Criterios de cualificación aplicables a todos os cursos	12
4.1.3.3.Sistema de control da asistencia do alumnado.....	14
4.1.4.4.Medidas de recuperación ao longo do curso académico....	14
4.1.4.5.Procedementos de recuperación da convocatoria ordinaria	14
4.1.4.6.Procedementos de recuperación da convocatoria extraordinaria	15
4.1.4.7.Criterios para a concesión de ampliación de matrícula	15
5.Metodoloxía	16
5.1 Principios metodolóxicos	16
5.2 Métodos didácticos.....	17
6. Atención á diversidade.....	18
7. Temas transversais	19
7.1.Educación en valores	19
7.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)	20
8.Actividades culturais e de promoción das ensinanzas.....	21
8.1.Actos institucionais	21
8.2. Cursos e clases maxistras.....	22



8.3. Audicións.....	22
8.4. Outros	22
9. Secuenciación por cursos	23
9.1. Curso: 5º de grao profesional.....	23
9.1.1.Obxectivos	23
9.1.2. Contidos.....	23
9.1.3. Criterios de avaliación	25
9.1.3.1. Mínimos esixibles	25
9.1.3.2 Criterios de cualificación	26
9.1.4. Recursos didácticos.....	26
9.2. Curso: 6º de grao profesional.....	27
9.2.1.Obxectivos	27
9.2.2. Contidos.....	27
9.2.3. Criterios de avaliación	28
9.2.3.1. Mínimos esixibles	29
9.2.3.2. Criterios de cualificación	29
9.2.4.Recursos didácticos.....	29
10. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica	31
11.Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento	32
12.ANEXOS	33
12.1.Probas de acceso 6º do grao profesional.....	33
12.1.1.Normativa Xeral.....	33
12.1.2.Exame	34
12.1.3.Criterios de avaliación	34
12.1.4.Repertorio Orientador.....	34



1.Introdución

A presente Programación Didáctica de Análise está baseada na secuenciación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ao longo dos cursos quinto e sexto grao profesional, e foi realizada polo profesorado do departamento desta materia de acordo co currículo oficial vixente para a materia e co proxecto educativo do centro, como así establecen os artigos 5º e 10º do capítulo II dos Decretos 198/2007 e 203/2007, do 27 de setembro, respectivamente.

Este documento inclúe, ademais dos obxectivos e contidos, a metodoloxía que se vai a seguir (indicando materias e recursos didácticos que se empregarán), a avaliación e os seus tipos, procedementos e ferramentas (tanto da aprendizaxe coma da ensinanza e da propia programación), a atención á diversidade, e outras informacións que consideramos de interese e necesidade para levar a cabo o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Entendemos esta programación didáctica como un instrumento flexible, que permite adaptarse ás circunstancias concretas do alumnado en cada momento do seu proceso de aprendizaxe, pero ao mesmo tempo, tamén como marco de referencia que lle dá forma á nosa ensinanza garantindo que aqueles alumnos e alumnas dun mesmo nivel, e incluso con diferente profesorado, poidan acceder a unha ensinanza que favoreza a consecución dunhas competencias mínimas equiparables.

1.1.Marco Legal

Para a elaboración desta programación didáctica tivéronse en conta os documentos legais que figuran a continuación, tendo presente o reflectido no Artigo 1.2 do Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento Orgánico dos Conservatorios que explicita *“Tamén será de aplicación aos conservatorios de música e de danza de titularidade das entidades locais, e aos centros privados de ensinanza de música e de danza en todos aqueles aspectos que non contraveñan o establecido na súa lexislación específica e os límites fixados por ela”*. Figuran clasificados atendendo á súa data de publicación, de menor a maior antigüidade:

- **REAL DECRETO 428/2013, do 14 de xuño**, polo que se establecen as especialidades docentes do Corpo de Profesores de Música e Artes Escénicas vinculadas ás ensanzas de Música e Danza
- **ORDE do 29 de setembro de 2015** pola que se convocan os premios extraordinarios nas ensanzas artísticas profesionais nas modalidades de música, danza e de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2014/15. DOG do 6 de outubro de 2015.
- **CIRCULAR 6/2012** da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se determinan as titulacións mínimas esixibles para a im-



partición das ensinanzas regradas de música nos Conservatorios de Música non dependentes da Consellería de Cultura, Educación e O.U. , e nos centros autorizados

- **DECRETO 229/2011**, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG 21 de decembro de 2011.
- **CIRCULAR 15/2011** da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza.
- **ORDE do 4 de agosto de 2011** pola que se desenvolve o Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento Orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 18 de agosto de 2011.
- **DECRETO 223/2010**, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 19 de xaneiro de 2011.
- **ORDE do 28 de xullo de 2008**, pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música dispostas no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 18 de agosto de 2008.
- **CIRCULAR 21/2008** da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se regula a avaliación e cualificación dos alumnos e das alumnas que cursan as ensinanzas elementais de música e danza dispostas nos decretos 196/2007, do 20 de setembro e 198/2007, do 27 de setembro, polos que se establece a ordenación das ensinanzas de grao elemental de danza e de música, respectivamente.
- **ORDE do 8 de febreiro de 2008**, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG do 26 de febreiro de 2008.
- **DECRETO 198/2007**, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música. DOG do 25 de outubro de 2007.
- **DECRETO 203/2007**, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 31 de outubro de 2007.
- **CIRCULAR 9/2007** da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se ditan instrucións sobre o desenvolvemento das ensinanzas elementais e profesionais de música establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.



1.2. Características do centro

A creación do Conservatorio Profesional de Música de Vilagarcía de Arousa ven reflectida no Decreto 222/2000, de 13 de setembro, e autorizada a súa posta en funcionamento pola Orde do 6 de xullo de 2005, ámbalas dúas da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

É un centro público e oficial no que se imparten na actualidade os graos elemental e profesional das ensinanzas de réxime especial de música reguladas pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.

Sito no Auditorio Municipal de Vilagarcía de Arousa, na Avda. da Mariña nº 27.

O centro sitúase na bisbarra do Salnés. A actividade musical da zona xira en torno á existencia deste centro, de bandas de música, asociacións culturais e coros. Existe en Vilagarcía de Arousa, e tamén de titularidade municipal, unha Escola Municipal de Música así coma escolas de música privadas. O mesmo sucede noutros municipios da comarca.

O propio Conservatorio e o Concello de Vilagarcía de Arousa, programan actividades musicais. A cidade carece de fonoteca pública e de biblioteca musical especializada (a excepción da do propio centro).

A maiores da actividade docente da ensinanza de música, no Centro realízanse diferentes actividades extraescolares e complementarias co obxectivo de completar a formación do alumnado: concertos, Masterclass, Seminarios, conferencias e cursos de especialización, e outros.

A ensinanza que se imparte no Conservatorio Profesional de Música de Vilagarcía de Arousa é a de música, regulada pola Lei 2/2006, do 3 de maio, de Educación e polo Real Decreto 1577/2006, do 22 de decembro polo que se fixan os aspectos básicos das ensinanzas profesionais de música, sendo na Comunidade Autónoma de Galicia os decretos polos que se regula o grao elemental e profesional o 198/2007, do 27 de setembro, e 203/2007, do 27 de setembro.

1.3. Características do alumnado

O centro conta cunha media de 125 alumnos e alumnas, variando a súa procedencia segundo a idade e o curso que realizan. Así, a maioría do alumnado pertence ao Concello de Vilagarcía de Arousa aínda que tamen é salientable o número de alumnos/as doutros concellos limítrofes.

As principais motivacións para o estudo neste Centro son:

- A obtención dun título que lles abra saídas profesionais, e que posibilite a continuidade de estudos no grao superior de música.
- O interese polo estudo dunha especialidade instrumental.
- A calidade da ensinanza.
- A localización do Conservatorio.



As expectativas de futuro do alumnado varían segundo o grao no que se atopan: os/as alumnos/as de grao elemental teñen como principal obxectivo obter unha formación que lles permita gozar da música e poder continuar os seus estudos. O alumnado do grao profesional manifesta as súas preferencias por dedicarse á docencia e á práctica instrumental (orquestra, banda, coro, cámara, solista, etc.), e, se cadra, continuar os seus estudos nun Conservatorio Superior de Música.

No estudo individual do alumnado resalta o esforzo, a análise do repertorio e a comprensión do mesmo. Como gran problema sobresa a falta de tempo, especialmente no grao profesional, debido á gran cantidade de horas que o alumnado pasa no seu centro de ensinanza obrigatoria. Outros problemas son a falta de organización, de constancia e concentración no estudo.

O clima existente entre o alumnado e o profesorado do centro é óptimo, sendo este un dos valores máis apreciados por ambas partes.

Como conclusión, extraemos que ao ser este un centro de ensanzas artísticas o grao de satisfacción do alumnado co centro é alto, por non ser obrigatorios os devanditos estudos.



2. Obxectivos xerais das ensinanzas musicais

2.1. Grao elemental

O artigo 2º do capítulo I do Decreto 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música, indica que a finalidade deste grao é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional.

Esta finalidade acadaríase coa consecución dos obxectivos ou capacidades ao longo dos catro cursos dos que consta o grao elemental e que o artigo 3º do capítulo I do mesmo Decreto enumera:

- a) Apreciar a importancia da música como linguaxe artística e medio de expresión cultural dos pobos e das persoas.
- b) Expresarse con sensibilidade musical e estética para interpretar a música de diferentes épocas e estilos, gozar con ela e enriquecer as propias posibilidades de comunicación e de realización persoal.
- c) Coñecer e valorar a importancia da respiración e do dominio do propio corpo no desenvolvemento da técnica instrumental, da calidade do son e da interpretación.
- d) Relacionar os coñecementos musicais coas características da escritura e da literatura do instrumento da especialidade, coa finalidade de adquirir as bases que permitan desenvolver a interpretación artística.
- e) Interpretar en público, coa necesaria seguridade en si mesmo, para vivir a música como medio de comunicación.
- f) Interpretar música en grupo habituándose a escoitar outras voces ou instrumentos, e adaptarse harmónicamente ao conxunto.
- g) Ser consciente da importancia do traballo individual e adquirir a capacidade de escoitarse e ser crítico consigo mesmo.
- h) Valorar o silencio como elemento indispensable para o desenvolvemento da concentración, a audición interna e o pensamento musical.
- i) Ser consciente da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.
- j) Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.



2.2. Grao Profesional

O Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanza profesional de réxime especial de música, indica no artigo 2º que a súa finalidade é proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música, ordenándose en catro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudos posteriores.

Esta finalidade acádase ao longo dos seis cursos dos que consta este grao coa consecución dos seguintes obxectivos que aparecen enumerados no artigo 3º do mesmo Decreto:

- a) Habituar a escoitar música e establecer un concepto estético que permita fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos.
- b) Desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético como fonte de formación e enriquecemento persoal.
- c) Analizar e valorar a calidade da música.
- d) Coñecer os valores da música e optar polos aspectos xurdidos dela máis axeitados para o desenvolvemento persoal.
- e) Participar en actividades de animación musical e cultural que permitan vivir a experiencia de transmitir o gozo da música.
- f) Coñecer e empregar con precisión o vocabulario específico relativo aos conceptos científicos da música.
- g) Coñecer e valorar o patrimonio musical como parte integrante do patrimonio histórico e cultural.
- h) Tomar conciencia da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.
- i) Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.



3. Obxectivos específicos das ensinanzas musicais

A diferenza do Decreto 198/2007, que establece a ordenación do currículo das ensinanzas elementais, no Decreto 203/2007 de ordenación das ensinanzas profesionais recóllense no artigo 6º os obxectivos específicos destas, que serán desenvolvidos de xeito máis concreto no currículo de cada materia e que citaremos nos seguintes apartados deste mesmo punto.

Estes obxectivos específicos ou capacidades que deben ser adquiridos polo alumnado do grao profesional das ensinanzas de música son:

- a) Superar con dominio e capacidade crítica os contidos e os obxectivos formulados nas materias que compoñen o currículo da especialidade elixida.
- b) Coñecer os elementos básicos das linguaxes musicais, as súas características, as funcións e as transformacións nos contextos históricos.
- c) Utilizar o oído interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical.
- d) Formar unha imaxe axustada das posibilidades e das características musicais de cada un, tanto a nivel individual como en relación co grupo, coa disposición necesaria para saber integrarse como un membro máis del ou para actuar como responsable do conxunto.
- e) Compartir vivencias musicais de grupo na aula e fóra dela que permitan enriquecer a relación afectiva coa música, a través do canto e da participación instrumental en grupo.
- f) Valorar o corpo e a mente para utilizar con seguridade a técnica e poder concentrarse na audición e na interpretación.
- g) Relacionar e aplicar os coñecementos adquiridos en todas as materias que compoñen o currículo, nas vivencias e nas experiencias propias para acadar unha interpretación artística de calidade.
- h) Coñecer e aplicar as técnicas do instrumento ou da voz de acordo coas exigencias das obras.
- i) Adquirir e demostrar os reflexos necesarios para resolver eventualidades que xurdan na interpretación.
- j) Cultivar a improvisación e a transposición como elementos inherentes á creatividade musical.
- k) Interpretar individualmente ou dentro da agrupación correspondente obras escritas en todas as linguaxes musicais, afondando no coñecemento dos estilos e das épocas, así como nos recursos interpretativos de cada un destes.
- l) Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.



4. Obxectivos, contidos e criterios de avaliación da materia de Análise

4.1. Grao Profesional da materia de análise

En canto aos elementos curriculares do grao profesional que serviron de base para a elaboración desta programación, figuran no Anexo II do Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música e son os seguintes:

4.1.1. Obxectivos

As ensinanzas da materia de Análise dos estudos profesionais de música terán como obxectivo contribuir a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

- a. Coñecer os principais e máis básicos elementos e procedementos compositivos das épocas e dos autores, dende o canto gregoriano ata a actualidade, con especial incidencia nos estilos da práctica tonal: Barroco, Clasicismo e Romanticismo.
- b. Analizar obras dos estilos da práctica tonal (Barroco, Clasicismo e Romanticismo) atendendo aos parámetros que as compoñen: macroestructuras e microestructuras, proporción, tonalidade, harmonía (cadencias, acordes e procedementos modulatórios), temática e motívica, textura, ritmo, dinámica, agóxica, tímbrica, articulación, etc.
- c. Sinalar na obra as características dos parámetros que a compoñen conferíndolle unha estética propia do estilo á que pertence, e comprender a interrelación dos procedementos compositivos de cada época cos tipos de obras que derivan deles.
- d. escoitar internamente os tipos de acordes e as fórmulas harmónicas máis características das obras analizadas.
- e. tocar esquemáticamente nun instrumento polifónico as fórmulas harmónicas máis características das obras analizadas.

4.1.2. Contidos

- a. Coñecemento básico dos principais e dos máis básicos elementos e procedementos compositivos das épocas e dos autores, dende o canto gregoriano ata a actualidade (incluíndo referencias á música non occidental)
- b. Estudo a través da análise dos componentes da linguaxe musical (macroestructuras e microestructuras, proporcións, tonalidade, harmonía, cadencias, acordes e procedementos modulatórios, temática e motívica, textura, ritmo, dinámica, agóxica, tímbrica, articulación, etc) a partir de obras de diversas épocas e autores dos estilos da práctica tonal: Barroco, Clasicismo e Romanticismo.
- c. Práctica auditiva e instrumental dos acordes e das fórmulas harmónicas máis características da práctica tonal, que conduza á súa interiorización.



4.1.3. Criterios de Avaliación do Grao Profesional

1. Identificar mediante a análise de obras os compoñentes da linguaxe musical das épocas da historia da música occidental. Con este criterio ponderase avaliar a habilidades do alumnado no recoñecemento dos elementos estudados e a comprensión dende o punto de vista do estilo considerado sincrónicamente e diacrónicamente.
2. Sinalar os elementos da linguaxe musical que lle confiren á obra un determinado estilo. Mediante este criterio preténdese avaliar a habilidade do alumnado para recoñecer os procedementos compositivos pertencentes a unha época, estilo ou autor, avaliar o seu papel funcional e comprendelos dende o punto de vista do estilo.
3. Expor con base na análise da linguaxe musical occidental, os elementos, procedementos e os niveis estruturais que configuran a forma a grande escala e a súa relación coas estruturas máis pequenas. Preténdese avaliar a habilidade do alumnado para recoñecer os criterios seguidos polo autor ou a autora na elaboración da forma global da obra (criterios de proporción, coherencia, contraste, etc), comprender a relación dos devanditos criterios cos elementos que configuran a forma a pequena escala, e determinar os niveis estruturais establecendo o papel que os elementos e os procedementos xogan dentro deles.
4. Identificar auditivamente os elementos e os procedementos que configuran a forma a pequena escala e a grande escala. Mediante este criterio ponderase avaliar o progreso da capacidade auditiva do alumnado, a través da identificación dos elementos e dos procedementos estudados.

4.1.3.1. Procedementos e ferramentas de avaliación

A avaliación ten dúas vertentes:

Avaliación continua. O/A profesor/a valorará de forma constante o progreso do/a alumno/a durante o curso, así como a súa actitude e asistencia, recollendo dita información no caderno de aula.

Avaliación puntual. Organizaranse probas prácticas ao longo do curso, ditas probas baseanse en analizar unha peza proposta para o caso, na que o alumnado deba recoñecer e argumentar a través ducha exposición escrita, todos os contidos tratados ata o momento, así como tamen as diferentes pezas, autores e estilos. O profesor valorará a cantidade do traballo presentado e o comportamento do/a alumno/a, así como tamén o traballado ao longo do período lectivo. Para a avaliación das mesmas utilizarase a folla de calibración (Ver anexo 12.4). Realizarase unha avaliación inicial ou diagnóstica, unha formativa e outra sumativa ou final. A reiteración na demora ó chegar á clase (3 retrasos de 10 ou máis minutos) suporá unha falta non xustificada dada co último día da tardanza.

4.1.3.2. Criterios de cualificación aplicables a todos os cursos

1	Carencia total de traballo individual
2-3	Graves dificultades coa labor feita, disculpas de malos entendidos despois de haber profundizado na peza na sesión anterior, derivado neste caso por



	<p>unha falta de actitude por parte do alumnado no momento de tomar apuntamentos e non prestar atención.</p> <p>En relación ao anterior; non recordar aspectos, terminoloxía estruturas, subestructuras, etc, xa tratados e mencionados, que desemboquen nunha falta de traballo, ou derivados dunha falta de traballo</p> <p>Non ter rectificando aspectos relativos ao análise xa tratados na sesión anterior ou anteriores.</p> <p>Escaso dominio da obra</p> <p>Falta de control visual e sonoro das diferentes seccións da peza, etc.</p>
4	<p>Insuficiencia do nivel preciso e aceptable segundo os criterios de avaliación de cada curso no relativo aos contidos e traballos propostos</p> <p>Falta de continuidade no desenvolvemento das pezas</p> <p>Perspectiva pobre da peza e falta dunha visión ampla</p> <p>Falta de preparación xeral</p> <p>Actitude negativa e falta de interese na materia</p>
5-6	<p>Participación activa na clase no momento da corrección dos exercicios en debate aberto ao conxunto da aula sempre que derive nun proceso de avance mínimo exisíble. Isto implica que o/a alumno/a ten un coñecemento mínimo da peza, que ten os apuntamentos necesarios e unha actitude de mínimo esforzo, asemade de haber unha mínima labor no tocante aos traballos analíticos.</p>
7-8	<p>Regularidade no traballo proposto e unha participación activa no proceso de corrección e no debate aberto derivando nunca comprensión dos aspectos das diferentes pezas, estilos e autores.</p> <p>Control aceptable dos termos relativos a materia e aos diferentes aspectos dunha peza, autor, estilo e época.</p> <p>Capacidade de expor no papel e argumentar todo o implícito a peza ou obra a analizar tendo en conta os aspectos traballados ata o momento e os xa mencionados.</p>
9-10	<p>Comprensión dos detalles musicais e do carácter e estilo da obra.</p> <p>Actitude participativa en todo momento.</p> <p>Realización dos traballos propostos, neste caso, o alumnado debe amosar unha constancia e profundidade que debe derivar nos seguintes aspectos:</p> <ul style="list-style-type: none">- Comprensión profunda das pezas ou obras a analizar e desenvolver en cada sesión correspondente.- Desenvolvemento da capacidade analítica, da comprensión da sintaxe musical, do aspecto discriminativo da mente analítica e a capacidade de poder enfrontar, discriminar, comprender e concluir todos os aspectos formais e estruturais, motivicos e melódicos, texturas, aspectos tonais ou modais, procesos harmónicos, progresións harmónicas, peculiaridades tonais ou modais, terminoloxía, estilo, época e posible autor dunha obra, ben sexa



polo coñecemento implícito, ou polo factor discriminativo dos diferentes elementos.

- Convertir en concreto o abstracto.

4.1.3.3.Sistema de control da asistencia do alumnado

Co obxectivo de controlar á asistencia do alumnado ás actividades lectivas deste centro, se contabilizarán as faltas de asistencia do seguinte xeito:

O alumnado que supere ás **TRES** faltas de asistencia **trimestrais** para materias dunha sesión semanal e **CATRO** faltas de asistencia para materias de dúas sesións semanais poderá ser avaliado en cada trimestre mediante unha proba específica. O profesorado desenvolverá esta proba no horario asignado ao/á alumno/a, no caso das materias individuais. No suposto das materias colectivas o profesorado indicará ao alumnado a data e hora de realización da proba.

O profesorado das diferentes materias deberá notificar ao/á titor/a e á Xefatura de Estudos cando o seu alumnado acade o número de faltas sinalado.

A Comisión de Coordinación Pedagóxica será o órgano que resolverá as incidencias ou casos excepcionais que podan acontecer.

Materias de 1 sesión semanal:

Instrumento, Piano complementario, Orquestra, Conxuntos, Novas tecnoloxías aplicadas á música, Itinerario de Fundamentos de Composición, Técnicas de Composición aplicadas á didáctica, Repentización e acompañamento, Música de cámara, Educación auditiva e vocal e Coro.

Materias de 2 sesións semanais:

Linguaxe musical (elemental e profesional), Harmonía, Análise e Historia da música.

A materia de **ANÁLISE** trátase dunha disciplina de 2 sesións semanais, polo tanto, o límite de faltas de asistencia será de **CATRO**.

4.1.4.4.Medidas de recuperación ao longo do curso académico

Consistirá nunha proba onde alumnado deberá presentar toda a materia que corresponda a avaliación en cuestión, sendo o profesorado o encargado de designar os contidos e as pezas a interpretar na proba.

4.1.4.5.Procedementos de recuperación da convocatoria ordinaria

O número de faltas no curso que provocan a perda de avaliación continua (xustificadas e sen xustificar) será de 12. O/A alumno/a terá dereito a realizar un exame ao final do curso académico.

Consistirá nunha proba práctica, onde o/a alumno/a presentará un programa cun número de obras segundo o disposto nesta programación e proposto polo/a profesor/a para ese curso. Nela terá que demostrar acadados os obxectivos reflectidos nesta programación.



4.1.4.6. Procedementos de recuperación da convocatoria extraordinaria

Consistirá nunha proba práctica a celebrar no mes de xuño, na que o/a alumno/a presentará un programa segundo o reflectido no Informe da materia correspondente que se lle entrega xunto co Boletín de Cualificacións finais no mes de xuño. Nela terá que amosar ter acadados os obxectivos reflectidos nesta programación.

4.1.4.7. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Demostrar que ten adquiridos os obxectivos específicos ou capacidades de tódalas materias do curso actual.

Amosar as adecuadas capacidades de aprendizaxe para superar o curso ao que aspira a acceder.

O/A profesorado/a titor/a será o encargado de propoñer a ampliación de matrícula informando ás familias, e solicitando unha reunión do profesorado de todas as materias que cursa o/a alumno/a.

O profesorado das distintas materias informarán por escrito en relación ás capacidades de aprendizaxe e a adquisición dos obxectivos específicos reflectidos nas diferentes programacións.

No suposto de que todos os informes sexan favorables, o/a titor/a presentará a proposta á dirección do Centro que a elevará ao Consello Escolar para a súa aprobación definitiva.



5. Metodoloxía

A metodoloxía do análise é en gran parte similar ao análise doutras disciplinas, por canto, a observación e determinación dos elementos e procedementos usados polo/a autor/a, son de vital importancia para acadar a habilidade e capacidade analítica xeral, e en definitiva, unha maior comprensión do conxunto dunha peza. Este feito derivará nunha maior e mellor interpretación musical (se se dese o caso), posto que o alumnado disporá dunha perspectiva musical moito mais ampla.

O proceso de concreción analítica é determinado por unha dinámica de traballo que parte dunha exposición do material e contidos a desenvolver na aula, unha fase de investigación e labor por parte do alumnado a nivel individual, é dicir: traballo na súa casa, e unha última fase de corrección na aula a partir dunha exposición por escrito de todo o contido tratado en debate aberto ao conxunto da aula, concluíndo os aspectos tratados polo/a profesor/a. Este proceso implica unha participación activa e dinámica do propio alumnado, para o cal tomaranse diferentes pezas dos diferentes autores máis salientables das distintas épocas e estilos, abordando deste xeito o conxunto do patrimonio histórico-musical.

5.1 Principios metodolóxicos

Os principios que rixen a elaboración desta programación didáctica dotándoa de coherencia e sentido son:

- **Actividade:** Análise é un dos fundamentos da composición musical e esta require unha serie de destrezas que se adquiren mediante a práctica.
- **Autonomía:** Cada alumno/a será orientado nas súas clases, ensinándolle a traballar de forma independente e a tomar decisións por si mesmo.
- **Creatividade:** Ao tratarse dunha ensinanza artística, toda actividade que realicemos tratará de estimular o pensamento e a imaxinación, buscando conseguir que os nosos/as alumnos/as non repitan soamente o que decimos e pedimos.
- **Individualización:** A nosa ensinanza da materia é colectiva a maior parte do tempo, algo que nos facilita que en cada clase se teña en conta a dimensión persoal e afectivo social de cada alumno ou alumna.
- **Flexibilidade e diversidade de estratexias didácticas:** Co fin de conseguir os obxectivos propostos poderemos realizar as adecuacións que fosen precisas na temporalización dos contidos.
- **Convivencia:** Nos casos en que as actividades da nosa ensinanza requiran de traballo en equipo fomentárase en todo momento un clima de cordialidade e respecto entre o alumnado.



- **Significación:** Esta será unha das vías de motivación que empregaremos, presentando o que se aprende como algo que será útil noutras situacións, que terá aplicación reais.
- **Interdisciplinarietàade:** Buscaremos relacionar os contidos da nosa materia cos das outras materias do currículo que cursa o noso alumnado para dotalos dunha maior significación

5.2 Métodos didácticos

Á hora de decidir os métodos didácticos para esta programación didáctica tivéronse en conta os seguintes enfoques:

- **Modelo constructivista:** Tomando como idea principal que o coñecemento é unha construción persoal na que o/a alumno/a elabora significados propios a partir duns coñecementos previos, a través dunha actividade intelectual e práctica.
- **Aprendizaxe significativa:** Este modelo de aprendizaxe está moi relacionado co constructivista, xa que a adquisición de coñecemento polo/a alumno/a realízase construíndo sobre os seus propios esquemas, sumando información sobre a que xa ten, que lle será útil para aplicar noutras situacións.

Para que esto se produza, debemos ter en conta ao longo de toda actividade:

- a) Que o alumnado teña unha boa actitude, algo que se consegue facéndolle ver que o que están a facer ten sentido, é dicir, ten unha razón, unha finalidade, así como fomentando o bo clima de clase, a autoconfianza, etc.
- b) Que o que se ensine presente unha estrutura lóxica dentro da materia, enfocando o traballo de forma globalizadora.
- c) Que as novas aprendizaxes se relacionen cos coñecementos previos, é dicir, os contidos deben ter significatividade psicolóxica.
- d) Que sexan conscientes da importancia do estudo individual, fomentando o interese e o respecto polo hábito de estudo e ensinándolles a maneira de que ese tempo sexa eficiente.



6. Atención á diversidade

A diversidade constitúe un valor que enriquece e diversifica a realidade, esixindo no plano educativo unha maior atención por parte do profesorado.

É un feito que os/as alumnos/as que acceden a un conservatorio presentan diferenzas individuais e non todos/as os/as alumnos/as aprenden ao mesmo ritmo, nin teñen as mesmas capacidades, polo que, será labor do profesorado adecuar a práctica docente ás necesidades e características do alumnado.

Para dar resposta á diversidade, desde a clase desta materia teremos en conta as seguintes pautas:

- Traballar con materiais abertos e flexibles, que expoñan diversas estratexias para o logro dos coñecementos.
- Ter en conta as diferenzas individuais e de grupo que se detectan na avaliación inicial: os intereses dos/as nenos/as, o contacto que tiveron coas actividades, as destrezas adquiridas, etc.
- Buscar orientación externa, de ser necesario, co propio centro como mediador.
- Respeitar o ritmo de aprendizaxe de cada alumno/a.
- Diversificar as actividades para lograr os obxectivos.
- Expor actividades de diferente dificultade e integrar aos/as alumnos/as na máis apropiada ao seu nivel.
- Fomentar a pedagogía do éxito, é dicir, valorar os pequenos logros de cada un e considerar positivamente o seu proceso de aprendizaxe.
- Potenciar o traballo das actitudes para lograr o respecto de todos/as

A atención á diversidade constitúe un indicador moi positivo da saúde do noso sistema educativo, xa que un sistema que tamén intenta dar resposta a todos eses nenos e nenas con deficiencias a nivel persoal e con características cognoscitivas por encima da media, é un sistema educativo próximo ás necesidades reais do educando. Neste sentido a nosa programación didáctica intentará establecer os instrumentos necesarios, en consonancia cos outros documentos do centro, para lograr unha educación musical comprensiva e de calidade.



7. Temas transversais

A nosa materia tamén trata esta serie de elementos transversais que son abordados desde cada unha das diferentes materias que comprenden o currículo das ensinanzas de réxime especial de música, e que nos dan a oportunidade de reflexionar sobre a dimensión máis persoal da educación.

7.1. Educación en valores

Á hora de abordar a educación en valores seguiranse as seguintes consignas:

- A **educación ambiental** tratarémola a través do coidado pola produción excesiva de sons por parte do alumnado, a concienciación sobre contaminación acústica, e a través da importancia que se lle debe de dar ao silencio como marco de calquera actividade musical.
- En canto á **educación para a saúde**, abordarémola a través da práctica corporal, aprendendo a apreciar e valorar o propio corpo e as súas posibilidades de movemento, tendo en conta e incidindo sobre a educación postural e a adquisición dun correcto tono muscular. Ademáis, a música, polos seus compoñentes afectivos, fisiolóxicos e intelectuais, tamén incide de forma positiva no equilibrio persoal e anímico das persoas.
- No referente á **educación para a igualdade de sexos**, partiremos de que a música non está relacionada co sexo do alumnado, e de que toda actividade musical en grupo partirá do principio de integración, de colaboración e de respecto mutuo entre os integrantes da clase independentemente do sexo ao que pertencen.
- A **educación para a paz e a tolerancia** traballarase a partir de pezas doutras culturas e das relacións que se establezan coas persoas da contorna.
- A **educación para o lecer** traballarase a partir do concepto productivo do ocio, a través da asistencia a concertos, audicións, recitais e outras actividades culturais, ademáis de fomentar a escoita de música e a lectura de libros relacionados co traballado en clase.
- En canto á **educación do consumidor** trataremos que o alumnado adquira unha actitude crítica ante o fenómeno musical, axudándolles a forxar un criterio á hora de decantarse por diferentes versións, e propiciando dese modo un aumento da súa capacidade de elección á hora de consumir música.
- Para rematar, a **educación moral e cívica** abordarémola ao ter presente o respecto ás normas e a necesidade da súa existencia como poden ser á hora de tocar en grupo: a entrada simultánea, o mantemento do plano sonoro adecuado, a actitude de escoita e respecto aos demais... Todas estas normas estarían referidas aos/ás compañeiros/as, ao material da aula, ao/a profesor/a, etc.



7.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

Hoxe en día é difícil pensar nun modelo pedagóxico que non se complemente cos recursos tecnolóxicos, permitindo unha formación máis completa e posibilitando unha renovación na pedagogía e na didáctica. A educación ten que avanzar ao paso da sociedade co fin de enriquecerse mutuamente.

Neste caso, as novas tecnoloxías son favorables no momento de investigar calquer aspecto vinculado as diferentes pezas ou obras, épocas, estilos ou autores/as, que poden servir para complementar os traballos analíticos que se propoñen ao longo do periodo lectivo. Hoxe en día isto é un avance significativo ao respecto de anos anteriores. Ben utilizado, é fácil acceder á información xa comentada, que en épocas pasadas era impensable, sobre todo, no factor económico, posto que non fai moito, para poder acceder a información deste calibre implicaba comprar partituras e libros que abordaran información relevante dos diferentes autores, estilos e épocas. Non é un factor absoluto, pero sí é muy significativo e recorrente sobre todo no momento de escoitar unha peza ou obra.



8.Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Segundo o establecido no Proxecto Educativo de Centro en referencia ás actividades culturais e de promoción das ensinanzas:

A. Terán a consideración de actividades complementarias as organizadas durante o horario escolar polo Conservatorio, dacordo cos seus proxectos e programacións e que teñen un carácter diferenciado das actividades propiamente lectivas, polo momento, espacio ou recursos que utilizan.

Son actividades complementarias fixas as seguintes:

- Audicións
- Concertos trimestrais e finais
- Aqueloutras que así o determine o centro a traves dos órganos competentes.

B. Terán a consideración de actividades extraescolares as encamiñadas a potenciar a apertura do centro ó seu entorno e á procura da formación integral do alumnado. As actividades extraescolares realizaránse, sempre que sexa posible, fora do horario lectivo, terán carácter voluntario para o alumnado e buscarán a implicación activa de toda a comunidade educativa.

Son actividades extraescolares as seguintes:

- Os intercambios educativos/culturais con outros centros
- As viaxes, excursións ou saídas culturais
- Os cursos ou cursiños
- Aqueloutras que así o determine o centro a traves dos órganos competentes.

C. Poderanse organizar outras actividades no centro a proposta de calquera membro da comunidade educativa que sexan de interés tanto para o centro coma para os destinatarios aos que vai dirixida. En calquera caso as propostas doutras actividades deberán seguir os puntos enumerados anteriormente no apartado que corresponda.

O alumnado do centro terá o dereito de asistir, aínda que non a obriga, ás actividades culturais e de promoción das ensinanzas que se organicen dende os distintos Departamentos, agás nas audicións, onde si deberán participar.

8.1.Actos institucionais

Dende hai xa varios cursos académicos temos xa institucionalizados unha serie de concertos, de xeito que pasarán a formar parte da programación estable do centro. Seguindo esta liña de continuidade, as posibles participacións do alumnado do centro sería nos seguintes actos:

- Concerto de Santa Cecilia: terá lugar ao redor do 22 de novembro de cada ano.
- Concerto de Nadal: a celebrar na dúas semanas anteriores ás vacacións de Nadal.
- Concerto das Letras Galegas: coincidindo coa celebración desta data no mes de maio de cada ano.



- Concerto Fin de Grao: a celebrar a finais do mes de maio de cada ano, en ocasións coincidindo co Concerto das Letras Galegas.
- Concerto de Fin de Curso: a celebrar antes da avaliación final do curso.

Ademais das actividades que se realicen no seo do propio centro, intentarase celebrar concertos en salas ou espazos que permitan unha maior proxección da nosa tarefa profesional.

8.2. Cursos e clases maxistras

Os cursos e clases maxistras que se desexen organizar, unha vez propostos no departamento correspondente trasladaranse ao Claustro de profesores e Consello Escolar onde se debaterán, ese son autorizados pasarán a ter a consideración de actividades extraescolares ou complementarias do centro.

No caso de que os diferentes departamentos teñan algunha proposta, esta deberá ser tratada no mes de setembro e incluída na Programación Xeral Anual. As propostas posteriores a esta data, poderán terse en conta, sempre que sexan autorizadas polo Consello Escolar.

8.3. Audicións

Atendendo ao que se contempla nos currículos de Grao Elemental e de Grao Profesional, o centro organizará audicións públicas de alumnos/as que se celebrarán de forma continuada ao longo do curso.

O centro organizarádous ou tres períodos de audicións anuais, nas que o alumnado deberá participar como mostra do traballo realizado na clase, interpretando a ou as obras que o/a seu/súa profesor/a de instrumento lle asigne, sexa en grupo ou como solista.

8.4. Outros

O centro colabora con entidades públicas e privadas participando en eventos organizados por estes, ou ben polo Concello de Vilagarcía de Arousa a través dos distintos departamentos ou Concellerías. O profesorado poderá propoñer alumnado para a súa inclusión nestas actividades.



9. Secuenciación por cursos

A continuación desenvólvese a programación didáctica de Análise dos graos elemental e profesional por cursos.

9.1. Curso: 5º de grao profesional

9.1.1. Obxectivos

- Coñecer os principais elementos e procedementos compositivos das épocas e dos autores desde o canto gregoriano ata a actualidade, con especial incidencia nos estilos da práctica tonal: Barroco, Preclasicismo e Clasicismo
- Analizar obras dos estilos da práctica modal e tonal, a participación en audicións organizadas por outros departamentos, levando as partituras a interpretar e facendo un análise previo o post-audición, será unha das actividades posibles de realizar, concretamente é moi doado para esta actividade analizar as obras que se leven a interpretación do Coro ou Orquestra do Conservatorio. Atendendo aos parámetros que as compoñen: macroestructuras e microestructuras, proporcións, tonalidade, harmonía, temática e motivica, textura, ritmo, dinámica, agóxica, tímbrica, articulación, etc.
- Sinalar na obra as características dos parámetros anteriores conferíndolle unha estética propia do estilo á que pertence, e comprender a interrelación dos procedementos compositivos de cada época cos tipos de obras que derivan deles.
- escoitar internamente os tipos de acordes e as fórmulas harmónicas máis características das obras analizadas.
- tocar esquemáticamente nun instrumento polifónico as fórmulas harmónicas máis características das obras analizadas.

9.1.2. Contidos

Tradicionalmente os contidos clasifícanse en tres categorías: procedimentais, conceptuais e actitudinais. Debido á natureza da asignatura traballáronse sobre todo os de índole procedimental e conceptual. Por este motivo non se realiza unha división en tres categorías, aínda que si se fai unha clasificación con seis áreas de coñecemento sobre os aspectos técnicos a traballar:

- **Análise Harmónica:**
 - A tonalidade
 - A modulación
 - As dominantes secundarias



- **Cadencias e a súa función estrutural**

Acordes e notas de adorno.

Harmonías especiais.

O acorde de 6^a napolitana e o de 6^a aumentada.

Tipos e características.

As harmonías do modo maior mixto

A consoancia e a disonancia

- **Análise Melódica:**

Ámbito melódico

Movemento melódico

Función melódico

- **Análise Rítmica:**

Tema, motivo ou deseño

Frases e semifrases

Articulación

- **Análise Sonora:**

O timbre e as diferenzas entre os instrumentos musicais e a voz.

Os instrumentos transpositores, os seus rexistros e tesituras.

A dinámica.

A textura. Tipos e características.

Os tipos de acompañamento: baixo de Murky e baixo Alberti.

- **Análise da Forma Musical:**

Relación entre texto e forma: madrigal e motete.

O coral de J.S. Bach.

Aria da capo e dal segno. A forma ritornello e o recitativo.

Preludio, Fuga, Concerto grosso, concierto solístico, trío sonata, sonata barroca dachiesa e da camera, suite barroca.

A obertura francesa e italiana.

As formas binarias preclásicas

A forma sonata clásica Sonata para piano, sonata a dúo, cuarteto de corda e Sinfonía



Forma sonata de movemento rápido

Forma sonata sen desenvolvemento

Forma Lied

Minueto (scherzo) e trío

9.1.3. Criterios de avaliación

En termos xerais, a avaliación terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso. Para elo utilizaranse procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo/a propio/a profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar. A avaliación do proceso de aprendizaxe rexirase por unha serie de principios xerais como son a obxectividade, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, a transparencia, xa que se aplicarán os criterios de calificación contidos nesta programación didáctica, e a accesibilidade, dado que alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe sin limitarse única-mente á calificación trimestral ou final.

- Identificar mediante a análise de obras os compoñentes da linguaxe musical das épocas da historia da música occidental.
- Sinalar os elementos da linguaxe musical que lle confiren á obra analizada un determinado estilo.
- Expor, con base na análise de obras das épocas da linguaxe musical occidental, os elementos, os procedementos e os niveis estruturais que configuran a forma a grande escala e a súa relación coas estruturas máis pequenas.
- Identificar auditivamente os elementos e os procedementos que configuran a forma a pequena escala e a grande escala.

9.1.3.1. Mínimos esixibles

- Coñecemento básico dos principios e dos máis básicos elementos e procedementos compositivos das épocas e dos autores, do Romanticismo e do Impresionismo.
- Coñecemento a través da análise dos componentes da linguaxe musical (macroestruturas e microestruturas, proporcións, tonalidade, harmonía - cadencias, acordes e procedementos modulatorios-, temática e motívica, textura, ritmo, dinámica, agóxica, tímbrica, articulación, etc.), a partir de obras de diversa épocas e autores, dos estilo do Romanticismo e do Impresionismo.



9.1.3.2 Criterios de cualificación

Asemade do establecido no apartado 4.1.3.2, o cal terá un carácter de avaliación continua, será tido en conta que esta puntuación suporá o 50% da nota final, e a nota dos diferentes exames (escritos e orais) suporá o 50% da nota final.

9.1.4. Recursos didácticos

- Encerado e papel pentagramados.
- Piano.
- Proxector de vídeos.
- Pizarra dixital.
- Equipo de audio.
- Gravacións discográficas para as audicións.
- Partituras para a análise.
- Internet.

Libros de consulta:

- Armonía. Diether da Motte. Ed. Labor, 1989.
- Tratado de la Forma Musical. Clemens Kühn. Ed. Span Press Universitaria, 1998.
- Historia de la composición musical en ejemplos comentados. Clemens Kühn. Idea Música, 2003.
- La Melodía. Ernst Toch. Ed. Span Press Universitaria.
- Análisis del Estilo Musical. Jan LaRue. Ed. Span Press Universitaria, 1998.
- Formas de Sonata. Charles Rosen. Ed. Labor, 1994.
- Anthology of Classical Music . Philip Downs. Ed. Norton.
- La música barroca. John Walter Hill. Ed. Akal música.
- La música clásica. Philip G. Downs. Ed. Akal música.
- La música en la época barroca. Manfred F. Bukofzer. Alianza Editorial, 1998.
- Historia de la música occidental vols. 1 y 2. Donald J. Grout y Claude V. Palisca. Alianza Música, 1996.
- Curso de formas musicales.
- Manual de formas musicales de Dionísio de Pedro.



9.2. Curso: 6º de grao profesional

9.2.1. Obxectivos

–Analizar obras dos estilos da práctica tonal, atendendo aos parámetros que as compoñen: forma, harmonía, textura, ritmo, melodía, etc. Coñecer os principais elementos e procedementos compositivos das épocas e dos/as autores/as desde o canto gregoriano ata a actualidade, con especial incidencia nos estilos da práctica tonal: Romanticismo e Impresionismo. Analizar obras dos estilos da práctica tonal, atendendo aos parámetros que as compoñen: macroestruturas e microestruturas, proporcións, tonalidade, harmonía, temática e motívica, textura, ritmo, dinámica, agóxica, tímbrica, articulación, etc.

–Sinalar na obra as características dos parámetros anteriores conferíndolle unha estética propia do estilo a que pertence, e comprender a interrelación dos procedementos compositivos de cada época cos tipos de obras que derivan deles

–Recoñecer mediante a audición e a lectura as estruturas e as fórmulas harmónicas máis características das obras analizadas.
Tocar esquematicamente nun instrumento polifónico as fórmulas harmónicas máis características das obras analizadas.

9.2.2. Contidos

- Características pre-románticas de compositores anteriores ó Romanticismo: Domenico Scarlatti, C. P. E. Bach, W. A. Mozart, J. Haydn e L. V. Beethoven.
- Características xerais do Romanticismo. Periodificación, correntes estilísticas, autores e rasgos característicos.
- Características de estilo dalgunhas figuras de transición ó século XX: R. Strauss, G. Mahler, A. Scriabin.
- Procedementos analíticos. Análise formal, estilística, armónica, melódica, rítmica e textural. Aplicación ao repertorio do Romanticismo.
- Estruturas formais do Romanticismo. A forma sonata e a pequena forma romántica para piano. O Lied instrumental. A aria de ópera romántica. A asimetría. A célula como material compositivo. O leitmotiv wagneriano.
- Lied de F. Schubert e R. Schumann. O ciclo de lieder. A relación entre o texto e a música.
- A textura romántica. Novos acompañamentos para piano. Hemiolias e polirritmias. A síncopa armónica.
- Modo maior mixto e o cambio de modo. Tonalidades e acordes do modo maior mixto.



- Características da melodía romántica. Xiros melódicos característicos. A ausencia da tónica.
- Novos modelos cadenciais do Romanticismo: Cadencias auténticas, semicadencias, rotas, frixias e plagais.
- A modulación no Romanticismo. O emprego da sexta aumentada alemana e do sétimo grao diminuído na modulación enarmónica.
- A progresión ou secuencia romántica. Os modelos de terceira. O círculo de quintas con dominantes secundarias.
- Novos acordes do Romanticismo. A 9^a de dominante. Acordes con sexta engadida ou substitutiva. Os acordes de dominante ca 5^a elevada ou rebaixada. O acorde de Tristán. O emprego do III grado aumentado como dominante ou dominante secundaria. A sexta aumentada no Romanticismo. Francesa, Suíza, Wagneriana, Francesa incompleta e a sexta aumentada modal.
- As armonías sobre pedal de tónica ou dominante. O IV grao sobre o V.
- As resolución irregulares das dominantes secundarias, das dominantes, da sexta aumentada e da 6^a e 4^a cadencial. O novo orden T-D-D/D-S-T. Interpolacións e armonías ornamentais. A ausencia da función da tónica.
- A modalidade. Os modos gregos: Xónico, Dórico, Frixio, Lidio, Mixolidio, Eolio e Locrio. O intercambio modal e a modulación modal. Harmonía modal. Trazos modais en obras tonais.
- Uso da modalidade en combinación ca tonalidade funcional. E. Grieg, A. Dvořak, G. Fauré, F. Mompou, etc.
- Impresionismo de C. Debussy e M. Ravel. Rasgos estilísticos: Estatismo, o novo uso dos acordes de dominante, paralelismos, mixturas modais e reais, modalidade, tonalidade, bi-tonalidade / modalidades, a serie de Fibonacci como estrutura formal.
- As escalas pentatónicas. Os 5 tipos. Armonía pentatónica. Escalas incompletas. Escalas artificiais. Escalas de tons enteros ou hexatónicas, e a escala acústica. Características armónicas das escalas simétricas.

9.2.3. Criterios de avaliación

En termos xerais, a avaliación terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso. Para elo utilizaranse procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo/a propio/a profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar. A avaliación do proceso de aprendizaxe rexirase por unha serie de principios xerais como son a obxectividade, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, a transparencia, xa que se aplicarán os criterios de calificación contidos nesta programación didáctica, e a accesibilidade, dado que alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe sen limitarse unicamente á calificación trimes-



tral ou final.

- Identificar mediante a análise de obras os compoñentes da linguaxe musical das épocas da historia da música occidental.
- Sinalar os elementos da linguaxe musical que lle confiren á obra analizada un determinado estilo.
- Expor, con base na análise de obras das épocas da linguaxe musical occidental, os elementos, os procedementos e os niveis estruturais que configuran a forma a grande escala e a súa relación coas estruturas máis pequenas.
- Identificar auditivamente os elementos e os procedementos que configuran a forma a pequena escala e a grande escala.

9.2.3.1. Mínimos esixibles

- Coñecemento básico dos principios e dos máis básicos elementos e procedementos compositivos das épocas e dos/as autores/as, do Romanticismo e do Impresionismo.
- Coñecemento a través da análise dos componentes da linguaxe musical (macroestruturas e microestruturas, proporcións, tonalidade, harmonía - cadencias, acordes e procedementos modulatorios-, temática e motívica, textura, ritmo, dinámica, agóxica, tímbrica, articulación, etc.), a partir de obras de diversa épocas e autores/as, dos estilo do Romanticismo e do Impresionismo

9.2.3.2. Criterios de cualificación

Asemade do establecido no apartado 4.1.3.2, o cal terá un carácter de avaliación continua, será tido en conta que esta puntuación suporá o 50% da nota final, e a nota dos diferentes exames (escritos e orais) suporá o 50% da nota final.

9.2.4. Recursos didácticos

- Encerado e papel pentagramados.
- Piano.
- Proxector de vídeos.
- Pizarra dixital.
- Equipo de audio.
- Gravacións discográficas para as audicións.
- Partituras para a análise.
- Internet.

Libros de consulta:

- Armonía. Diether da Motte. Ed. Labor, 1989.
- Tratado de la Forma Musical. Clemens Kühn. Ed. Span Press Universitaria, 1998.
- Historia de la composición musical en ejemplos comentados. Clemens Kühn. Idea Música, 2003.



- La Melodía. Ernst Toch. Ed. Span Press Universitaria.
- Análisis del Estilo Musical. Jan LaRue. Ed. Span Press Universitaria, 1998.
- Formas de Sonata. Charles Rosen. Ed. Labor, 1994.
- Anthology of Classical Music . Philip Downs. Ed. Norton.
- La música barroca. John Walter Hill. Ed. Akal música.
- La música clásica. Philip G. Downs. Ed. Akal música.
- La música en la época barroca. Manfred F. Bukofzer. Alianza Editorial, 1998.
- Historia de la música occidental vols. 1 y 2. Donald J. Grout y Claude V. Palisca. Alianza Música, 1996.
- Curso de formas musicales.
- Manual de formas musicales de Dionísio de Pedro.



10. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

Seguindo as instrucións que se recollen no artigo 2º da orde do 8 de Febreiro de 2008 pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música na Comunidade Autónoma de Galicia, e que indican que “[...]a avaliación terá un carácter formativo e orientador do proceso educativo e proporcionará unha información constante que permita mellorar tanto os procesos coma os resultados da intervención educativa[...]”, este departamento leva a cabo unha tripla avaliación: do proceso de aprendizaxe (que se desenvolveu no apartado correspondente de cada curso), da programación didáctica e da nosa labor docente.

O seguimento e avaliación das programacións será rexistrado por cada docente e tratado nas reunións periódicas do departamento, quedando constancia na acta daquelas desviacións e modificacións acordadas. Estas ideas e propostas de mellora serán incluídas na memoria final do departamento, xa que servirán de base para a elaboración da programación didáctica do vindeiro curso.

Por outra banda, a misión da Comisión de Coordinación Pedagóxica será a de garantir que as programacións didácticas dos distintos departamentos presenten coherencia secuencial entre todas elas, e indicar, se é o caso, as modificacións pertinentes que deberán ser realizadas polos departamentos.

Dende o Departamento da materia para avaliar a nosa programación didáctica teremos en conta os seguintes aspectos:

- **Obxectivos:** Adecuación ás necesidades específicas do alumnado e do Proxecto Educativo do Centro
- **Contidos:** Validez na súa elección con respecto aos obxectivos expostos e adecuación ao nivel do alumnado
- **Actividades:** Atención á diversidade das capacidades e adecuación aos intereses do alumnado e aos seus ritmos de aprendizaxe
- **Criterios metodolóxicos:** A adecuación e coherencia dos mesmos
- **Os medios e recursos:** Avaliación dos criterios para a elección dos medios e recursos didácticos e a súa adecuación aos obxectivos propostos.
- **A avaliación:** Comprobarase a idoneidade e a adecuación entre criterios de avaliación, técnicas e procedementos, así como entre os criterios de avaliación, contidos e obxectivos
- **Alumnado:** A relación co alumnado, ademais do clima de convivencia e traballo.



11.Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

Do mesmo xeito que se indica no punto anterior, a avaliación do labor docente supón un dos tres elementos a avaliar dentro do noso sistema educativo xunto co proceso de aprendizaxe e a programación didáctica.

Será misión do profesorado realizar a análise dos datos que obteña trala avaliación do alumnado e da programación didáctica para realizar as diferentes adaptacións ou adecuacións das estratexias metodolóxicas co fin de mellorar os resultados acadados.

Para levar a cabo este proceso contarase tamén coa análise das enquisas de satisfacción do alumnado como vía alternativa ás clases para obter datos directos relativos á súa función.

Nas reunións do departamento trataranse todos estes puntos ademais dos que o profesorado considere relevantes, sen descoidar aspectos como os recursos materiais e persoais dos que dispón o propio departamento para ofrecer unha ensinanza de calidade, trasladando á Comisión de Coordinación Pedagóxica todo aquilo que se estime oportuno.



12.ANEXOS

12.1.Probas de acceso 6º do grao profesional

12.1.1.Normativa Xeral

*(Extracto do Decreto 203/2007, do 27 de setembro. DOG do 31 de outubro de 2007):
Artigo 11º.- Acceso ó primeiro curso de Grao Profesional.*

Para acceder ó primeiro curso das ensinanzas profesionais de música cumprirá superar unha proba específica de acceso. Mediante esta proba valorarase a madurez, as aptitudes e os coñecementos para cursar con aproveitamento as ensinanzas profesionais, de acordo cos obxectivos establecidos neste decreto.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria regulará o procedemento de acceso ó primeiro curso, que se axustará o disposto nos puntos seguintes.

Para todas as especialidades, agás para a de canto, a devandita proba consistirá en:

- Interpretación, no instrumento da especialidade que opte, de tres obras pertencentes a distintos estilos, das cales, como mínimo, unha deberá interpretarse de memoria. Este exercicio cualificarase de cero a dez puntos, e cumprirá unha cualificación mínima de cinco puntos para o superar.
- Exercicio para avaliar a capacidade analítica do alumnado e os seus coñecementos teóricos e prácticos da linguaxe musical do patrimonio musical. Este exercicio cualificarase de cero a dez puntos e cumprirá unha cualificación mínima de cinco puntos para o superar.

A puntuación definitiva da proba citada nos puntos anteriores será a media ponderada da cualificación obtida en ambos exercicios. Para estes efectos ponderarase o primeiro deles nun 70% e o segundo nun 30%.

A superación da proba de acceso faculta exclusivamente para se matricular no curso académico en que fose convocada.

(Extracto da Orde do 28 de xullo de 2008, pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música):

Capítulo II. Artigo 5º. O número máximo de probas de acceso a grao profesional que poderá realizar cada aspirante é de catro: dúas convocatorias ó primeiro curso e outras dúas convocatorias a calquera outro curso que non sexa o primeiro. Para estes efectos, non se computarán as probas nas que se obtivera a puntuación mínima establecida para o acceso.

Capítulo III. Artigo 9º. Os/As aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade e do xustificante da matrícula, así como das partituras orixinais para a súa interpretación perante o tribunal. No caso de que a proba de acceso requira da participación dalgún tipo de acompañamento musical, ben sexa pianístico ou para música de cámara, este correrá a cargo do/a aspirante á praza.



Capítulo III. Artigo 10º. Os/As aspirantes serán convocados para a proba nun único chamamento, e excluírase del quen non compareza. Non obstante poderanse considerar os casos de forma maior, debidamente xustificadas e apreciadas polo tribunal, para os efectos dun posterior chamamento. A non asistencia á proba suporá a perda da correspondente convocatoria.

12.1.2.Exame

A devandita proba constará da análise dunha peza ou obra musical na que o alumnado deberá amosar a través do procedemento da análise os contidos, terminoloxía, estrutura e subestructuras, textura e aspectos harmónicos-contrapuntísticos da, ou das pezas propostas para o caso, tonalidade, etc.

12.1.3.Criterios de avaliación

- Forma
- Subestructuras
- Períodos, frases, semifrases, motivo, inciso, etc
- Tonalidade
- Textura
- Época
- Autor

Nota:

O/A aspirante deberá entregar ao tribunal unha lista e copia das obras que vai interpretar.

12.1.4.Repertorio Orientador

- Será o relativo ao tratado no 5º curso